

Código do documento	Código do expediente
USG16I01B3	USG/2022/50
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1R1R 3344 1J4E 1842 0ZAP	

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA TRINTA DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E DOUS

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo, sendo as dez horas e catro minutos do día trinta de marzo de dous mil vinte e dous, e previa a oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, reúnese o Pleno municipal en sesión ordinaria, en primeira convocatoria.

Preside a sesión o Sr. Alcalde, don José Ramón Rioboo Castro, e asisten:

Polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE:

D^a. MARÍA GUADALUPE POMBO CARRIL
D^a. MARTA MARÍA FIGUEROA FUENTES
D. JUAN CARLOS IGLESIAS LOVELLE
D^a. MARTA MARÍA IGLESIAS BECERRA
D. MIGUEL SUÁREZ GARCÍA
D^a. YESSICA MÉNDEZ SÁNCHEZ
D. MARIO ALFONSO IGLESIAS GÓMEZ
D^a. MARÍA PENÉLOPE LÓPEZ DÍAZ
D. CARLOS LIÑARES GESTAL
D^a. SUSANA AMOR FERNÁNDEZ
D. ABRAHAM SEIJAS GONZÁLEZ

Polo Grupo Político Popular:

D^a. IZASKUN GARCÍA GOROSTIZU
D. ANTÓN PRIETO GARCÍA

Polo Grupo Político Bloque Nacionalista Galego:

D^a. MARÍA BEATRIZ PÉREZ MOSQUERA
D. GONZALO MÉNDEZ MOSQUERA

Polo Grupo Político Alternativa dos Veciños:

D^a. MARÍA ALICIA FERREIRO VARELA
D. EDUARDO JOSÉ MOURELLE BOTANA

Non asisten á sesión os/as seguintes concelleiros/as:

- D Alfonso Rico Vereá, do grupo político popular
- D. Enrique Antonio Chouciño Garrido, do grupo político do BNG
- D^a. Sandra Marzoa García, do grupo político Alternativa dos Veciños

Asiste á sesión a interventora municipal, dona Vanesa García Barreiro e dá fe do acto a secretaria xeral, dona Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

ASUNTO ÚNICO.- PROPOSTA SOBRE APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO DO 2022

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da concelleira delegada de Urbanismo e de Facenda, Patrimonio e Administración Electrónica, de data 9 de marzo de 2022 (código de documento UEH15I00H7), ditaminada favorablemente pola comisión informativa de Facenda, Patrimonio, Administración Electrónica, Urbanismo, Participación Cidadá e Medio Rural na sesión de data 24 de marzo de 2022, que transcrita literalmente di:

“Unha vez redactado o Proxecto de Orzamento para o exercicio de 2022, que comprende os seguintes documentos:

1. Estado de ingresos, cun importe total de 27.772.946,94 €
2. Estado de gastos, cun importe total de 27.772.946,94 €
3. Memoria do Presidente
4. Informe económico relativo ás bases de cálculo empregadas
5. Anexo de persoal do Concello, que contén a
 - cadro de persoal
 - relación valorada dos postos de traballos
 - masa salarial persoal laboral
6. Anexo de inversións a realizar no exercicio
7. Estado da Débeda municipal
8. Bases de Execución do Orzamento
9. Liquidación do orzamento do exercicio de 2020 e avance da Liquidación do orzamento do exercicio de 2021
10. Anexo con información relativa aos convenios suscritos coa Comunidade Autónoma en materia de gasto social
11. Anexo de beneficios en tributos locais

C.I.F. P-1503100-H

De acordo co disposto polo artigo 168 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, propónse ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

A aprobación inicial do Orzamento do exercicio económico do 2022 así como das bases de execución, do cadro de persoal, masa salarial do persoal laboral e o resto de documentos anexos, que ten o seguinte resume:

Estado de ingresos			Estado de gastos		
Cap.	Descrición	Importe	Cap.	Descrición	Importe
1	Impostos directos	9.995.500,00 €	1	Gastos de Persoal	8.376.631,43 €
2	Impostos indirectos	1.757.815,45 €	2	Gastos en bens correntes e servizos	13.668.470,79 €

Código do documento	Código do expediente
USG16I01B3	USG/2022/50
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 1R1R 3344 1J4E 1842 0ZAP	

3	Taxas e outros ingresos	3.949.486,69 €	3	Gastos financeiros	1.000,00 €
4	Transferencias correntes	10.426.880,03 €	4	Transferencias correntes	1.756.200,00 €
5	Ingresos Patrimoniais	8.800,00 €			
6	Alleamento inversións	300.000,00 €			
7	Transferencias de capital	1.319.464,77 €	6	Inversións reais	3.954.644,72 €
8	Activos financeiros	15.000,00 €	8	Activos financeiros	15.000,00 €
9	Pasivos financeiros	0,00 €	9	Pasivos financeiros	1.000,00 €
Total		27.772.946,94 €	Total		27.772.946,94 €

De conformidade co sinalado no artigo 169 do Real Decreto legislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, a presente aprobación será unha aprobación inicial, trala que o Orzamento exporase ao público por quince días, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia. Durante o devandito prazo, os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O Orzamento do exercicio económico de 2022 considerarase definitivamente aprobado si durante o citado prazo non se tivesen presentado reclamacións e entrará en vigor unha vez publicado na forma prevista no apartado terceiro do artigo 169 do RDL 2/2004.“

C.I.F. P-1503100-H

Consta no expediente informe da señora interventora municipal de data 14 de marzo de 2022 (código de documento UIT16I0060).

Consta no expediente nota informativa número 21/2022 da señora secretaria xeral, de data 17 de marzo de 2022 (código de documento USG16I010H).

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra a concelleira do grupo político do PSdeG-PSOE, Sra. Iglesias Becerra quen, unha vez concedido, di que o goberno municipal trae hoxe para a súa aprobación polo pleno o presuposto para o exercicio 2022, que se caracteriza pola adopción de medidas para continuar axudando aos veciños e veciñas a afrontar as consecuencias xeradas pola pandemia, e di que, pola situación na que se está, previsiblemente haxa que reforzar esa axuda para cubrir as necesidades que se poidan derivar da invasión de Rusia a Ucraia, e que se caracteriza tamén pola dotación dun plan de investimentos que recolle as propostas feitas polos veciños e veciñas tanto a nivel individual como a nivel colectivo.

Di que todo o que vén de expoñer farase sen incorrer en endebedamento público nin subir os impostos, taxas e prezos públicos pois para o equipo de goberno o máis importante son as persoas e o seu benestar e que, con este presuposto, pretende conseguir unha maior protección social, especialmente das persoas máis vulnerables, e unha reactivación económica que axude na volta á normalidade, para o que se adican as cantidades de cinco millóns de euros a servizos sociais, dos cales 600.000 euros son para prestacións económicas de emerxencia e integración social e 1.500.000 euros para axuda a domicilio; que a fomento do emprego se dedican 900.000 euros e 3.200.000 euros, en números redondos, a investimento, cos que se poderá mellorar a seguridade viaria, as instalacións deportivas, os parques e xardíns, etc.

Código do documento	Código do expediente
USG16I01B3	USG/2022/50
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1R1R 3344 1J4E 1842 0ZAP	

Segue a súa intervención a Sra. Iglesias Becerra e di que o proxecto de presuposto que se presenta hoxe para á súa aprobación polo pleno é un presuposto equilibrado en ingresos e gastos, por un importe de 27.772.746'94 € respectivamente, experimentando un incremento de 2.846.011'8 €, o que representa unha porcentaxe dun 11'42%; di que o proxecto de presuposto foi ditaminado favorablemente na correspondente comisión informativa, contén toda a documentación necesaria e legalmente requirida e foi confeccionado de acordo coa lexislación vixente, continuando a cumprir cos obxectivos de débeda pública e co principio de estabilidade presupostaria como se ditas regras estiveran vixentes, aínda que hoxe en día non sería obrigatorio

Di que a previsión de ingresos é de 27.772.746'94 € e está realizada en base á liquidación do ano 2020 e ao avance da liquidación do ano 2021 e criterios técnicos emitidos á vista das mesmas; que os ingresos que se poidan producir a maiores contabilizaranse normalmente no exercicio seguinte con incorporación de remanentes ou a través dunha modificación complementaria dos orzamentos; que o presuposto se financia integramente cos impostos directos e indirectos, taxas e transferencias correntes e de capital, ingresos patrimoniais, e enaxenación de investimentos, non sendo necesario un ano máis recorrer a ningunha operación de crédito.

Segue a súa intervención a Sra. Iglesias Becerra e di que, *no capítulo* de gasto, o orzamento tenta dar resposta ás necesidades máis urxentes en materias de investimento, contendo no capítulo de persoal os gastos necesarios para as previsións de persoal e en gasto corrente as cantidades necesarias para facer fronte aos contratos dos diversos servizos municipais, ao mantemento dos servizos e dos edificios públicos.

Segue a dicir que no capítulo 1, de gastos de persoal, a cantidade que figura é de 8.376.631,43 €, incrementándose un 4'10 % respecto do exercicio anterior, estando aí o incremento necesario para poder facer fronte ao incremento salarial máximo previsto polo goberno que poden acadar as retribucións no ano 2022; que o capítulo de persoal tenta dar resposta ás necesidades de persoal do Concello nas diversas áreas, dotándose as prazas vacantes que previsiblemente poden ser cubertas de conformidade coa lexislación vixente e consígnanse os créditos necesarios para facer fronte ás retribucións do persoal municipal.

Respecto do capítulo 2, gastos en bens correntes e de servizos, di que o orzamento recolle a cantidade de 13.668.470'79 €, incrementándose un 13'82% con respecto ao exercicio anterior e rexistrando os incrementos necesarios para poder facer fronte ás necesidades dos distintos programas, seguindo coa política de contención de gastos, continuando a ser as partidas máis importantes as adicadas á dotación dos créditos destinados ao financiamento dos servizos públicos básicos (mantemento de parques e xardíns, alumeadado público -e di que esta partida se incrementa considerablemente debido á suba no prezo da electricidade-, limpeza viaria e de edificios, e servizo de abastecemento de auga) e ao benestar das persoas (servizos sociais, fomento do emprego, sanidade, educación, cultura, deporte e festas); di que o orzamento que se presenta debe permitir consolidar e mellorar os servizos públicos que dende o Concello se prestan aos cidadáns.

En canto aos capítulos 3 e 9, relativo a gastos financeiros (intereses) e pasivos financeiros (amortizacións de préstamos), a Sra. Iglesias Becerra di que quedan abertas as partidas cunha cantidade simbólica de 1.000 € cada unha pois neste momento non hai débeda bancaria pendente polo que non se prevén gastos financeiros nin amortizacións.

Polo que respecta ao capítulo 4, de transferencias correntes, di que o orzamento recolle a cantidade de 1.756.200 euros e ten por finalidade subvencionar ás entidades sen ánimo de lucro e ás prestacións económicas de emerxencia social, dotándose 600.000 euros para prestacións económicas de emerxencia, así como os compromisos de achega adquiridos polo Concello co plan de transporte metropolitano, co Consorcio As Mariñas e o financiamento dos gastos de mantemento das escolas infantís e o centro de día xestionados pola Xunta de Galicia.

Di que se mantén o incremento realizado o exercicio anterior por mor da consignación realizada nas partidas de subvencións que teñen como finalidade facer fronte aos efectos derivados da pandemia.

Código do documento	Código do expediente
USG16I01B3	USG/2022/50
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1R1R 3344 1J4E 1842 0ZAP	

Segue a súa intervención a Sra. Iglesias Becerra e di que no presuposto que se presenta destaca o capítulo 6, relativo a investimentos, cunha cantidade de 3.187.040'46 €, recollendo as propostas de investimento feitas polos veciños que o goberno municipal considera máis urxentes, facendo especial fincapé no rural, sendo de destacar que se adican 1.314.639,34 € para a rede viaria, cantidade que contempla investimentos como os seguintes:

- Renaturalización de espazos periurbanos entre A Coruña e Culleredo (Proxecto CUCO, xa aprobado no pleno).
- Itinerario peatonal e ciclista desde o polígono industrial de Alvedro ao núcleo de Alvedro.
- Renovación da Rúa Xesto, dun vial en Bregua e dun vial en Celas.
- Mellora da intersección da antiga N-550 coa rúa Alcalde Domingo Sierra, coa r/. Xafonte (VP-132), coa r/. Calzada e coa r/. Vicente Risco.
- Renovación da rúa Cruces.
- Recuperación do camiño de Santiago na rúa Choeira e na rúa Catas – Almeiras, lote 2 (na cantidade que falta para complementar a parte que se incluíu xa con cargo ao Edusi).
- Mellora da seguridade viaria e renovación de pavimentos na rúa Andrés Pan Vieiro.
- Melloras de pavimentos e seguridade viaria na rúa Aguaceiros.
- Acondicionamiento explanada Veiga.
- Melloras na rúa Regueira, en Almeiras.

C.I.F. P-1503100-H

Segue a súa intervención a Sra. Iglesias Becerra e di que se dota tamén para a renovación da Praza de Galicia unha cantidade de 246.632,93 € que se sumará á cantidade de 1.367.818 € prevista na ampliación de crédito que se trouxo a pleno en novembro de 2021 para proceder á reforma integral da praza e o seu entorno; que se dotan partidas tamén para investimento e reposición de elementos nos parques e xardíns de todo o Concello e para a cubrición e renovación do parque das Brañas, para mellorar a Torre de Celas e o seu entorno e un importante investimento para o acondicionamento do edificio "C" da fábrica da Cross; que en Deportes dótanse partidas para remodelación do campo de fútbol A Lavandeira (no Burgo), en Vilaboia para mellorar a pista multideporte do parque xunto ao colexio Sofia Casanova, para a redacción do proxecto do recinto de Parkour, para instalación de redes de saneamento en Orro, Boedo, Celas, Sueiro e Sésamo, para a reposición da rede de abastecemento de auga e instalación de alumeados públicos, engadindo que todo isto está previsto entre outras partidas que aparecen desglosadas no anexo de investimentos que forma parte do orzamento que se presenta.

Segue a dicir a Sra. Iglesias Becerra que quere destacar que, aínda que non forma parte da aprobación inicial deste presuposto, cabe sinalar que os investimentos a executar neste exercicio veranse incrementados pola incorporación ao mesmo dos remanentes de crédito e que servirán para executar entre outros os proxectos seguintes:

- Urbanización da rúa Visitación da Encina, rúa poeta Luz Pozo, avenida de Ribados e rúa Gumersindo Pereira Nouche.
- Mellora do entorno e dos viarios nos arredores da igrexa de Santiago do Burgo, correspondente ao viario público situado na antiga AC-211.
- Mellora da seguridade viaria na avenida Acea de Ama.
- Mellora da seguridade viaria na antiga N-550, no tramo da Corveira.

Código do documento	Código do expediente
USG16I01B3	USG/2022/50
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1R1R 3344 1J4E 1842 0ZAP	

- Melloras de seguridade viaria, instalacións e servizos en Bregua.
- Cuberta pista polideportiva de Ledoño-Culleredo.
- Ampliación do local social de Boedo.

Di a Sra. Iglesias Becerra que os investimentos que vén de nomear proceden da incorporación de remanentes que, como xa dixo, foi a pleno a finais do pasado ano, e que hai tamén outros que están en licitación e relaciona os seguintes:

- Ampliación e mellora do drenaxe e os pavimentos na rúa Nabeiras, que irá tamén a incorporación de remanentes, na rúa Outeiro de Abaixo e na rúa Silvar.
- Parque infantil na área de lecer da Corveira.
- Renovación da rúa Laxe.
- Pavimentación en rúa Seara ata Cillobre, rúa As Barreiras e rúa As Reixas.
- Renovación dun vial en Vinseira Pequena e doutro en Castelo.
- E Centro rural dinamizador de persoas maiores en Celas.

C.I.F. P-1503100-H

Continúa a súa intervención a Sra. Iglesias Becerra e di que, como se pode observar, os orzamentos que presenta o equipo de goberno son uns orzamentos cribles e prudentes, tanto en ingresos como en gastos, cribles porque nos derradeiros anos as liquidacións dos mesmos foron positivas, xerando novos remanentes de investimentos, e prudentes porque nas derradeiras liquidacións os ingresos superaron os gastos en importantes cuantías; que isto que vén de explicar vai permitir, grazas a que o cambio lexislativo polo cal se suspendeu a aplicación das regras fiscais así o permite, introducir no presuposto, ao longo do exercicio, ao igual que se fixo no exercicio anterior, outros investimentos en arranxo de rúas, conclusión da rede de saneamento, rexeneración urbana en distintas parroquias, mantementos e adquisición de terreos, e que, coa aprobación destes orzamentos, o goberno municipal entende que se mellorarán substancialmente os servizos que se prestan aos cidadáns e como consecuencia a calidade de vida dos veciños, e agradece o traballo feito polos traballadores/as do Concello, e a colaboración prestada polos cidadáns que, a nivel individual ou colectivo, mediante a súa participación, fixeron posible a elaboración duns orzamentos máis sociais, máis participativos e que tratan de dar resposta aos problemas e inquietudes da cidadanía, polo que solicita o voto favorable para os mesmos.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político Alternativa dos Veciños, Sr. Mourelle Botana quen, unha vez concedido, di que desde o seu grupo queren poñer de manifesto que se traen ao pleno os orzamentos do 2022 para a súa aprobación no día de hoxe, 30 de marzo de 2022, cando transcurriron xa tres meses desde que comezou o ano, unha práctica habitual ao longo desta lexislatura, tanto por parte do Sr. alcalde como de todo o equipo de goberno, e lembra como na anterior lexislatura, sendo alcalde xa o que agora o é, este culpaba á oposición de non ser capaz de aprobar en tempo o orzamento e recorda como, no mes de maio do 2019, xa metidos en campaña electoral, o Sr. alcalde dixo que necesitaba obter maioría absoluta para non ter problemas coa aprobación dos orzamentos e pregunta cal é agora o problema para non poder aprobar os orzamentos a tempo, antes do comezo dun novo exercicio, e se a razón puidera ser que a concelleira de Facenda non ten tempo dabondo para a súa elaboración e presentación no pleno, a pesar de ter dedicación exclusiva, ou se a culpa agora é tamén da oposición; que ten doce meses para a elaboración e presentación do orzamento municipal antes de comezos de

Código do documento	Código do expediente
USG16I01B3	USG/2022/50
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1R1R 3344 1J4E 1842 0ZAP	

ano; di que, como ben dixo a Sra. concelleira Marta Iglesias, os orzamentos do 2022 que se presentan, por 28 millóns de euros, son ambiciosos, e pide permiso para engadir que, ademais de ambiciosos, son electoralistas, porque quedan trece meses para as próximas eleccións municipais e agora pretenden facer todo o que non se fixo ata o de agora; di que o Sr. alcalde leva toda a lexislatura sen escoitar nin á oposición nin aos cidadáns e que quere facer ver que escoita á cidadanía cando non é así, pois non é o mesmo oír que escoitar, e á oposición non a quere nin oír e menos escoitar; di que con dita actitude o que se fai é non escoitar a unha parte da cidadanía, seguindo tamén sen escoitar aos funcionarios e máis concretamente á Sra. secretaria e á Sra. interventora e engade que, se non lle gustan os informes que fan ditas funcionarias, o Sr. alcalde solicita informe a outros funcionarios como pode ser aos funcionarios da Deputación; que quere destacar o informe da Sra. secretaria, que no punto b), en relación ao anexo de investimentos, di o seguinte:

“(.../...) B) En relación ao Anexo de investimentos:

A Sra. interventora municipal no informe código de documento UIT16I0060 sinala que “ (.../...) Se recojen en su totalidad todas las previsiones del artículo 13 del RD 500/1990, de 20 de abril, apartados tres y cuatro, relativas a la identificación de los proyectos incluidos en el anexo de inversiones, pero en ocasiones la denominación del proyecto no está suficientemente especificada(.../...)”.

Á vista do sinalado pola interventora municipal verbo da insuficiente especificación en algúns casos da denominación do proxecto, infórmase que a falta de explicitación do contido mínimo esixible no anexo de investimentos constiúe unha causa de invalidez do presuposto, polo que se formula a oportuna advertencia (.../...)”

C.I.F. P-1503100-H

Segue a súa intervención o Sr. Mourelle Botana e, dirixíndose ao Sr. alcalde, di que no orzamento que se presenta destaca unha serie de obras previstas como pode ser a remodelación da praza de Galicia no Burgo y lle di que, se non recorda mal, os veciños levan tempo reclamando ata por vía xudicial os transtornos ocasionados nas súas prazas de garaxe polas filtracións procedentes de dita praza; di que se destinan 600.000 euros dentro do apartado cultural para iniciar o peche das naves da antiga Cross, no Burgo, e pregunta se os terreos da zona xa están descontaminados porque se non recorda mal este era un tema destacado polo actual alcalde cando era voceiro de APdC (Agrupación Progresista de Culleredo), atacando ao anterior alcalde, agora compañeiro de partido; en relación coa obra “Cuberta e renovación do parque das Brañas en Fonteculler”, pregunta se se refire á cuberta que se desplomou fai máis dun ano porque se non lembra mal esta obra estaba xa parcialmente recepcionada, e di que repite que os orzamentos que se presentan non son só ambiciosos senón tamén electoralistas e que os membros do seu grupo desexan que se cumpran polo ben dos cidadáns e polo ben de Culleredo porque Alternativa dos Veciños o que quere é o desenrolo e o desenvolvemento de Culleredo, e lle di ao Sr. alcalde que o papel pode con todo.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro suplente do grupo político do BNG, Sr. Méndez Mosquera quen, unha vez concedido, di que quere comezar excusando a ausencia do voceiro do BNG de Culleredo, Sr. Chouciño Garrido, que no día da sesión non os puido acompañar por motivos persoais.

Segue a dicir que no día da sesión se celebra un dos plenos municipais máis importantes do ano: o da aprobación inicial dos orzamentos, un documento fundamental para a vida diaria e para o futuro de calquera concello, no que se deciden cales son as políticas dun goberno municipal e no que se pon negro sobre branco como entende o goberno cales son as prioridades para a súa veciñanza; que sen embargo, ten que sinalar que este acto, polo menos durante os catro anos nos que o Sr. Rioboo Castro leva sendo Alcalde, vese sempre empañado pola súa incompetencia e inoperatividade como equipo de goberno e lembra, para aquelas veciñas e veciños que aínda non o saben, que os orzamentos deben estar aprobados definitivamente con anterioridade ao 31 de decembro do ano anterior ao que fan referencia, é dicir, que deberían estar aprobados antes do 31 de decembro de 2021 e o pleno que se está a celebrar debería ter sido como moi tarde a inicios do mes de decembro; que moitos concellos así o fan, presentan os seus orzamentos en tempo e forma sen maior problema, e outros moitos gobernos municipais, en minoría, apróbanos fóra dese prazo cando chegan a un acordo con outras forzas da corporación, e di que abonda

7 de 25

Código do documento	Código do expediente
USG16I01B3	USG/2022/50
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1R1R 3344 1J4E 1842 OZAP	

con botar unha ollada a concellos da nosa contorna para ver o estado deste procedemento e pon como exemplo aos concellos de Cambre, Arteixo, Oleiros, Carballo, Laracha ou Bergondo, todos eles co orzamento para 2022 aprobado definitivamente, ou outros, como Sada, que xa pasaron pola aprobación inicial, engadindo que incluso a Deputación da Coruña ou os propios concellos como A Coruña ou Santiago de Compostela aprobaron xa os seus orzamentos, estes tres últimos con gobernos en minoría, pero o goberno de Culleredo, con maioría absoluta, trae os orzamentos a aprobación inicial a 30 de marzo, e di que, como se soe dicir, tarde, mal e arrastro, sen intención nin necesidade de negociar o orzamento con ninguén, con ningún outro grupo municipal, os doce membros do equipo de goberno non son capaces de presentar uns orzamentos conforme ordena a Lei, sobrándolles as escusas, porque para iso son os primeiros pois lles encantan e se lles dá realmente ben, e di que o Sr. Rioboo, nos catro anos que leva de alcalde, non foi quen de presentar uns orzamentos en tempo e forma, botou balóns fóra contra os grupos da oposición, especialmente contra o BNG, contra a falta de funcionarios, alegando un ano había que engadir unhas partidas dos EDUSI, outro ano que había que incorporar os proxectos do Plan de Obras e Servizos da Deputación, como se os demais concellos non tiveran que facer o mesmo, e chegando incluso a presentar uns orzamentos anuais no mes de setembro, e lle di aos membros do goberno municipal que son incapaces e que nunca unha maioría absoluta foi máis inútil e incapaz que a que lidera o Señor Rioboo.

Continúa a súa intervención o Sr. Méndez Mosquera e di que a veciñanza xa non traga coas historias do Sr. alcalde de que vén o coco, que todo é culpa da oposición, que bloquea os orzamentos e a súa execución; que o Sr. alcalde, ao salir do pleno que se está a celebrar, poñerá en funcionamento as súas antenas nunha e noutra parroquias para intentar vender que a oposición opúxose a este ou outro investimento, pero que a veciñanza xa sabe que o Sr. alcalde mexa por eles e aínda por riba dilles que chove; que só é responsabilidade do Sr. alcalde a aprobación dos orzamentos que se presentan, que só é súa a responsabilidade de que os orzamentos recollan estes ou outros investimentos, que é só súa a responsabilidade de que estes orzamentos sexan aprobados con máis ou menos apoio da corporación municipal porque só súa é a responsabilidade de procurar eses apoios sen que movera nin un dedo nin para intentalo, e lle di ao Sr. alcalde que lle vai explicar por que fai tremendamente complicado contar co apoio do BNG de Culleredo para estes orzamentos e que vai comezar falando do que realmente interesa a veciñanza de Culleredo, cal son os investimentos que propón realizar o goberno municipal durante o ano 2022 porque o orzamento xustamente o que fai é poñer ás claras o entendemento do goberno municipal sobre as prioridades e as necesidades da veciñanza e di que para o orzamento que se propón neste punto para o ano 2022 estréase un novo método de participación veciñal nos orzamentos municipais, podendo enviar a veciñanza as súas propostas para incluír no orzamento a través dun correo electrónico e recibíndose un total de 32 achegas e 24 propostas diferenciadas, a meirande parte foron recibidas polo traballo de promoción que deste procedemento fixo o BNG de Culleredo, para informar á xente, á veciñanza e aos diferentes colectivos que a conforman de que existía esta oportunidade para achegar as súas propostas, e das 24 propostas, o equipo de goberno incluíu nos investimentos para o ano 2022 tan só 5 delas completas e 3 de xeito parcial, e di que os membros do grupo político do BNG rogan que se aclare, se estas propostas son prioritarias para o equipo de goberno, porque ningunha delas está incluída no orzamento, e a continuación fai as seguintes preguntas:

- Se o proxecto co que venderon fume na Fonte da Balsa durante as últimas eleccións para mellorar os accesos e o aparcamento non é prioritaria para o equipo de goberno e por que non está incluído no orzamento.
- Se a substitución do firme do pavillón de Tarrío non é prioritaria para o equipo de goberno e por que non está incluída no orzamento, solicitando que se resolvan as deficiencias canto antes porque algún día custará un desgusto a algún dos xogadores e xogadoras.
- Se a sala de musculación que o clube Balonmán Culleredo propón non é prioritaria para o goberno municipal e por que non está incluída no orzamento.

Código do documento	Código do expediente
USG16I01B3	USG/2022/50
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1R1R 3344 1J4E 1842 0ZAP	

C.I.F. P-1503100-H

- Se o arranxo das prazas públicas e das redes de pluviais sobre os garaxes de Fonte da Balsa ou de Tierno Galván para que non se inunden os seus garaxes non é prioritario para o equipo de goberno e por que non está incluído no orzamento.
- Se a construción dunha variante para que os vehículos non teñan que pasar pola Rúa Laxe e a súa veciñanza poida durmir tranquila non é prioritaria para o equipo de goberno e se a humanización daquelas rúas do núcleo tradicional da Laxe non é prioritaria para o goberno municipal e por que non están incluídas no orzamento.
- Se as melloras de seguridade viaria na contorna do colexio de Tarrío non son prioritarias para o goberno municipal porque llas piden tanto a Dirección do Centro como a súa ANPA e repite se non son prioritarias para o goberno municipal e por que non están incluídas no orzamento.
- Se as melloras no centro social de Orro que levan anunciando e prometendo durante anos non son prioritarias para o goberno municipal e se tampouco é prioritario que poidan contar con servizo de internet de banda ancha, ou se a reapertura do camiño entre Orro e Ledoño, que foi aprobada en Pleno hai anos, segue sen ser prioritaria, pois ningunha destas propostas está recollida nos orzamentos.
- Se a apertura da rúa María Cagiao para facilitar a mobilidade e accesibilidade ao colexio Ría do Burgo e ao instituto Eduardo Blanco Amor tampouco é prioritaria, solicitada pola ANPA A Galera e nada, tampouco, nin mención nos orzamentos.
- Se a mellora das beirarrúas, pasos de peóns ou paradas de autobús no Portádego non son unha prioridade para o equipo de goberno e por que non está incluída nos orzamentos.
- Se a humanización da contorna da Avenida da Corveira tampouco é unha prioridade, e se tampouco o son a demanda histórica de melloras no Centro Social de Castelo ou cuestións de primeira necesidade e de obrigado cumprimento como é o saneamento e o servizo de auga potábel no Xalo, en Vilaverde ou en Orro.

Segue a falar o Sr. Méndez Mosquera e di que o goberno municipal inclúe 5 de 24 propostas realizadas pola veciñanza e di que o orzamento que presentan neste punto representa as prioridades e demandas das veciñas e veciños de Culleredo, a pesar de que incumpre o seu propio Regulamento de Participación Cidadá cando di no Artigo 40 que “o persoal técnico do Concello avaliará e informará sobre os proxectos de investimento que se presenten e asesorará sobre que propostas poderían pasar a formar parte do proxecto inicial do Orzamento Xeral.”, preguntándolle onde está ese informe pois para os membros do grupo político do BNG é fundamental para avaliar as propostas veciñais e decidir se se poden incluír ou non no Orzamento, e lle pregunta novamente ao Sr. alcalde se existe ese informe ou se acaso non se conta con toda a documentación necesaria para poder debater estes orzamentos e votar en consecuencia, e engade que, dado que o Sr. alcalde non responde, lle pregunta ao resto de grupos da oposición se recibiron ese informe e ao goberno municipal como se tomou a decisión de incluír unhas ou outras propostas se non se conta co informe preceptivo segundo o Regulamento de Participación Cidadá e se foi desfolando margaridas.

A continuación o Sr. Méndez Mosquera di que vai falar do que o equipo de goberno si prioriza, do que si inclúe nestes orzamentos, o que o goberno municipal considera demandas e prioridades da veciñanza de Culleredo:

- Máis de 40.000€ destinados ao PXOM, preguntando a cal e se é ao que o Sr. alcalde dixo que ao mellor xa non facía falta, e a que se están destinando eses cartos, solicitando tamén que se diga cando se pensa presentar o PXOM e cando se pensa rematar con esta situación vergonzante para o Concello de Culleredo.
- 600.000€ destinados ao acondicionamento dunha das estruturas da Cros, e di que é certo que responde a unha das demandas presentadas pola veciñanza, pero solicita que se explique para que e en que consiste o

Código do documento	Código do expediente
USG16I01B3	USG/2022/50
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1R1R 3344 1J4E 1842 0ZAP	

acondicionamento e o fin ao que se pretende destinar; di que as veciñas que fixeron esta proposta solicitan que se faga algo con esas estruturas polo que lle pide ao Sr. alcalde que lles explique o que quere facer con elas e en que consiste ese acondicionamento.

- Case 120.000€ destinados a certificacións finais de obra, sobre as que di que están sen especificar e pregunta cantos anos máis se vai seguir engordando esta lousa de obras que nunca se recepcionan, engadindo que hai que explicar que o Concello de Culleredo acumula cada ano que pasa máis e máis obras que nunca se chegan a rematar e que non responden ao recollido nos seus respectivos proxectos sen que se faga nada para reclamar responsabilidades ás empresas adxudicatarias, tendo o goberno municipal a desvergonza de incluír estas débedas por obras sen rematar como investimentos, e di que manda truco co que o equipo de goberno entende por prioridades.

- Un exemplo clarísimo ao que o goberno municipal dedica un punto especial: 420.000€ para unha cuberta do Parque das Brañas, despois de levar ano e medio coa cuberta, que xa o Concello pagou practicamente na súa totalidade, tirada, sen que se saiba nada da responsabilidade da empresa adxudicataria do anterior contrato e pregunta como pode o equipo de goberno explicar que se vaia facer outra intervención nas Brañas, despois da pésima xestión do contrato para a cuberta do parque.

- E no xa tradicional punto de sentencias xudiciais vendidas como investimentos, este ano hai unha nova incorporación de case 250.000€ para a renovación da Praza de Galicia, que por suposto é ben necesaria, pero á que o goberno municipal está obrigado por sentenza xudicial e que se suplementa, como ben dixo a Sra. concelleira na súa intervención, con 1.300.000 euros no modificado de crédito do ano pasado.

O Sr. Méndez Mosquera segue a dicir que o BNG de Culleredo quere aproveitar tamén para facer un exercicio de avaliación dos investimentos aprobados o ano pasado para 2021 e lle pregunta ao Sr. alcalde-presidente se lembra a lista de iniciativas que presentou como propostas de orzamento participativo ao Consello Xeral de Participación, e lle di ao Sr. alcalde que olé el e a súa interpretación da participación veciñal cando o goberno municipal leva as propostas que debe aprobar o Consello Xeral de Participación, relacionando a continuación os seguintes investimentos e comentando para cada un o que se transcribe:

- Proxecto de cubrición do campo da festa de Almeiras: 18.150€. Pregunta onde está o proxecto porque nada se sabe del.
- Beirarrúas na Rúa Regueira e San Xiao: 100.000€. Di que volven no orzamento para 2022.
- Melloras de seguridade mediante sinalización en Celas e Monte Xalo: 35.000€.
- Proxecto de ampliación para o Centro Social de Castelo: 12.000€. Pregunta onde está o proxecto
- Reforma integral do Centro Social de Orro: 80.000€. Di que nin está nin se lle espera porque non está incluído no orzamento para 2022.
- Peche lateral da pista polideportiva de Castro-Laxe: outros 80.000€ máis que nin están nin se lles espera.

Continúa a súa intervención o Sr. Méndez Mosquera e di que se podería continuar ampliando con necesidades históricas neste Concello que tanto a oposición, como a secretaria ou a interventora, lles veñen reclamando ano tras ano e ás que o goberno municipal fai ouvidos xordos como o Inventario Municipal, o Plan Municipal de Subvencións, a resolución do PXOM ou a necesidade de auditorías externas, pero o equipo de goberno, tamén no Pleno, mexa polos concelleiros e concelleiras da oposición e agarda que traguen que chove, dicíndolle aos señores e señoras do

Código do documento	Código do expediente
USG16I01B3	USG/2022/50
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1R1R 3344 1J4E 1842 0ZAP	

PSOE que non, e ao Sr. alcalde que non, que a veciñanza de Culleredo non é parva, non se deixa convencer polas fotos do goberno municipal no Facebook, no Instagram, nas noticias de La Voz ou de La Opinión pagadas con publicidade das arcas municipais e que a veciñanza ve máis alá e sabe, como ben di o Sr. alcalde, que é un profesional da comunicación e un profesional de vender fume, e que a veciñanza lembra perfectamente:

- que o Sr. alcalde ía comprar un solar para crear cen prazas de aparcamento na Costa da Lonxa.
- que ía impulsar sendas, miradoiros e un centro de parapente no monte Xalo.
- que ía instalar a primeira pista de deportes de praia de Galicia no paseo do Burgo.
- que ía renovar o lousado dos catro quilómetros de paseo marítimo.
- que ía facer un centro de día en Celas que xa non será tal.
- que ía facer un parque de tobogáns na Corveira contra a opinión da veciñanza.
- que ía soterrar as vías do tren ao seu paso polo Burgo.
- que ía crear unha zona deportiva e un local social no antigo campo de Sésamo.
- que ía construír un parque infantil sobre a Terceira Rolda na Zapateira.
- que reclamaba a transferencia dos espazos en desuso do Parque de Acea de Ama.
- que ía presentar o PXOM para a súa aprobación definitiva, que despois ía preparar un PXOM alternativo, e despois que xa non facía falta un novo PXOM.
- que ía crear un Parque da Froita no paseo marítimo.
- que ía contratar unha empresa para identificar a grafiteiros pola súa sinatura.
- e que incluso, en cuestións de meses desde a súa chegada ao poder, ía sacar a contratación todos os servizos sen contrato en Culleredo.

Segue a dicir o Sr. Méndez Mosquera que a primeira entrevista do Sr. Rioboo como alcalde é para enmarcar, para ter sempre presente, e lle pregunta se quere que o grupo político do BNG lle lembre cantos deses servizos licitou en catro anos, se é necesario e que llo vai dicir por se non o lembra, ou por se algún veciño ou veciña aínda non o sabe, dicindo que ningún, nin o de limpeza viaria, nin o de mantemento de xardíns, nin o de subministro da auga, nin o de axuda no fogar, ningún, sen que se saiba tampouco nada tras aquel momento no que o Sr. alcalde bota a lingua a pacer e di que Culleredo explora en solitario licitar o servizo de recollida de basuras, e que, falando de botar a lingua a pacer, lle pregunta onde se recolle nestes orzamentos a promesa do Sr. alcalde de renovar as beirarrúas nos soportais da Avenida de Vilaboa porque nin está no proxecto de humanización nin tampouco no orzamento que se presenta e lle di que deixa que anote a pregunta a ver se a responde despois.

Segue a falar o Sr. Méndez Mosquera e lle pregunta ao Sr. alcalde se, volvendo aos servizos municipais sen contrato, lembra cando dixo en Pleno que “bueno, eso hay que mirarlo, porque a veces licitando los contratos los servicios salen más caros.” e lle di que ten que cumprir coa legalidade e lle pregunta se non se lle acorda, engadindo que con isto o seu grupo inicia outro bloque de razóns polas que o Sr. alcalde fai imposible que o BNG de Culleredo poida apoiar os orzamentos que se presentan e di que é porque para o Sr. alcalde a Lei de contratos do sector público é unha anomalía, porque para o Sr. alcalde a Lei de contratos do sector público debe de necesitar correccións, e lle di que na súa próxima visita a Madrid o Sr. alcalde debe intervir no Congreso dos Deputados para

Código do documento	Código do expediente
USG16I01B3	USG/2022/50
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1R1R 3344 1J4E 1842 0ZAP	

trasladar a súa preocupación por este tema, e di que non é que llo digan os membros do grupo político do BNG senón que llo din a Interventora e a Secretaria do Concello de Culleredo aínda que despois o Sr. alcalde dirá que o BNG non le a documentación dos expedientes, e lle di que a Interventora no seu informe, en referencia á base de execución número 10 destes orzamentos, di o que literalmente se transcribe: “Se informa desfavorablemente la citada base,(...), en tanto no recoge la exigencia de solicitar tres presupuestos y, además, contempla únicamente el criterio cuantitativo para la consideración de un contrato como menor, sin tener en cuenta la excepcionalidad o no periodicidad de la prestación. Desde este punto de vista, cualquier contrato tramitado como menor, o factura recibida, que, aún cumpliendo con los requisitos exigidos en las bases, no esté avalado por tres presupuestos, o tenga carácter no excepcional (regular), o periódico, se fiscalizará, en aplicación de esa base informada desfavorablemente, con intervenido.”

O Sr. Méndez Mosquera di que, despois desa liturxia legal, toca explicar ás veciñas e veciños que ven ou que poidan ver este Pleno en diferido, de que se está a falar e explica que as bases de execución do orzamento son, por simplificalo, as normas que establece o propio Concello para adaptar a execución do orzamento á súa propia organización e que estas normas, como todo nesta vida, deben estar suxeitas a leis superiores en rango, como pode ser a Lei de contratos do sector público e lembra que para o Señor Rioboo e o seu equipo a Lei de Contratos debe ser unha anomalía; que a regulación dos contratos menores, tal e como aparece nas bases de execución propostas polo goberno municipal no orzamento que se presenta, contan con informe desfavorable por parte da interventora porque se saltan “a la torera” o artigo 118 da Lei de Contratos do Sector Público, así como a Instrución 1/2019 da Oficina Independente de regulación e supervisión da contratación, nos que se esixen uns requisitos para a tramitación dos contratos menores, entre outros, a solicitude de, canda menos, 3 orzamentos, decidindo os membros do goberno municipal innovar no referente á lexislación para a contratación pública e sacan da manga un procedemento de tramitación simplificada para os contratos menores co que non será necesario solicitar eses 3 orzamentos e bastará cun informe da unidade xestora e unha factura pese a que tanto a Interventora como a Secretaria advirtenlles que esta ocorrencia carece de toda base legal, e engade que isto é moi serio e que no Concello de Culleredo lévanse gastados millóns e millóns de euros en servizos, subministros e bens pagados contra facturas que contan con reparos de Intervención, é dicir, que non se axustan a ningún dos procedementos legais para a contratación recollidos na Lei e que na última Conta Xeral aprobada, a de 2020, máis de 8 millóns de euros do gasto non contaba con procedemento de contratación asociado, gastos que, aínda por riba, nunca contaron coa publicidade que deberían ter e que posibilitaría que os pequenos comercios e empresas de Culleredo puideran participar nas contratacións municipais; que non tendo o equipo de goberno abondo con esta irregularidade, que debería facer sonroxarse a calquera, e di que lle fai sonroxar a el da vergonza que lle produce que o seu Concello se comporte así, polo que non sabe o que lles debería producir aos membros do goberno municipal, pretende crear a súa propia legalidade a través das bases de execución do orzamento para darlle unha pátina de credibilidade ao que son tramitacións ilegais de contratos, con todas as palabras, subliñadas e en negriña, e que ademais, en base á aplicación desa base de execución, o equipo de goberno pretende negar a capacidade do Pleno, e polo tanto da dos representantes da veciñanza de Culleredo, de fiscalizar o gasto deste Concello; di que até o de agora, todos os membros da corporación recibiron para a súa revisión en cada Pleno, un listado interminable de facturas con reparos de intervención, é dicir, que non teñen xustificación legal e todos os membros da corporación poden revisalas e fiscalizar ese gasto, aínda que despois o Alcalde decida pola súa conta levantar os reparos de intervención e autorizar o pago de facturas ilegais pero agora, con este novo procedemento ad hoc, feito á medida da súa maneira de entender a contratación pública, deixa a porta aberta a que os membros da corporación non poidan consultar eses gastos porque contarán como intervidos, portas abertas que o goberno municipal nunca deixa de usar, preguntando onde quedou a promesa de transparencia, outro dos titulares da primeira entrevista do Sr. alcalde como tal, e di que, desde logo, esta situación é totalmente inadmisíbel e engade que, seo o equipo de goberno non corrixe dita base de execución, o grupo político do BNG de Culleredo avaliará todas as posibilidades para facer cumprir a lei e garantir os dereitos da corporación.

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG16I01B3	USG/2022/50
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1R1R 3344 1J4E 1842 0ZAP	

Continúa a falar o Sr. Méndez Mosquera e di que, aínda con todo o que vén de dicir, o Sr. alcalde xa leva unha semana pregoando o maravilloso que é este orzamento, que cada vez é máis grande, máis cartos, máis madeira, máis madeira, que dirían nos barcos e trens a vapor, advertindo tamén a Interventora do optimismo nas previsións de ingresos, que non se axustan á realidade pero que o Sr. alcalde o que quere é vender o brilli brilli dos millóns de euros cando o que debería vender é o resultado da execución dese orzamento do que non aparece por ningures o resultado; que novamente, e que non o din eles, canda este orzamento preséntase outro documento ben interesante, que é a Liquidación provisional referente á primeira metade do ano 2021, é dicir, canto do orzamento de 2021 foi executado na primeira metade do ano, e se se fixa un no apartado de Investimentos reais, que contaba en 2021 con 10.964.033,13€, dos que a 30 de xuño só se executaran 189.360,58, o que indica que menos dun 2%, dicíndolle ao Sr. alcalde que pode vender o fume que lle dea a gana e que pode saír en todas as fotos e culpar dos seus erros á oposición ou ao demo, pero a cuestión é que o equipo de goberno é incapaz de presentar un orzamento en tempo e forma, conforme á lei, e que é incapaz de executalo para que o que aparece no papel que hoxe presenta, algún día chegue a ser realidade, rematando esta intervención dicindo que os orzamentos que se presentan non se axustan á legalidade, non representan a vontade nin as prioridades da veciñanza, e son papel mollado en mans de quen se ten demostrado sobradamente como incapaz de executalo.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo político popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que o seu grupo comeza coa valoración dos orzamentos que se presentan sospeitando que van ser os últimos da lexislatura, os últimos orzamentos antes das eleccións municipais que, como en anos anteriores, volven a chegar tarde, non sendo capaces de presentar uns orzamentos en tempo a pesar de contar toda a lexislatura con maioría absoluta, o que deixa de manifesto unha vez máis a falta de planificación do goberno municipal á hora de definir en que quere transformar o Concello, en que quere que sexa referente Culleredo e como se vai conseguir.

Segue a dicir a Sra. García Gorostizu que, entrando na análise xeral dos orzamentos pódese concluir o que segue:

- Pola parte dos ingresos, di que son moi optimistas, aumentando un 11% con respecto aos do ano anterior, e que se se analiza este aumento vese que inclúen unha previsión de ingresos de 300.000 euros pola venda de terreos de propiedade municipal sen especificar cales son ou se hai ou non unha valoración técnica e económica dos mesmos; que outro ingreso recollido no orzamento que se presenta é a taxa por depuración de augas residuais, de 500.000 euros pero, segundo indica a señora interventora no seu informe, non foron previstos en exercicios anteriores nin se ingresou un euro por eles, polo que non se deberían incluír no presuposto xa que estes 800.000 euros referidos non deixan de ser un brindis ao sol para aumentar os ingresos sen xustificar; que en relación ás subvencións, di a Sra. García Gorostizu que non se acredita compromiso firme ningún de achega destes ingresos presupostados e que, por último e o máis grave, no momento actual de crise económica que se está a vivir, o Concello aumenta a presión fiscal aos veciños aumentando a recadación de impostos directos, indirectos e taxas, engadindo que non lle coinciden os datos que ela ve no orzamento cos datos que deu a Sra. Iglesias Becerra na súa intervención, na que dixo que non ía haber aumento da presión fiscal, pois si hai aumento de presión fiscal aos veciños polo que, indica, a xestión peor imposible.
- Pola parte dos gastos, no capítulo 1, referido a gastos de persoal, vese que a cantidade que figura no orzamento que se presenta supón o 30% do presuposto municipal e que aumenta con respecto ao do ano anterior un 4%, sendo o máximo legal dun 2%; que no ano 2020 aprobouse unha RPT e quedaba pendente unha revisión en profundidade, asegurando a concelleira responsable de Persoal que unha empresa estaba facendo o traballo de valoración dos postos e a definición de tarefas pero, segundo o informe da señora secretaria, todo segue igual; que hai persoal laboral facendo funcións reservadas a funcionarios públicos como asesor xurídico, pedagogo, educador social ou técnico coordinador formación; que hai determinados postos da RPT que non se consignan no orzamento; que a cantidade destinada a complemento de produtividade e gratificacións mantense por debaixo do límite e non se poden asignar

Código do documento	Código do expediente
USG16I01B3	USG/2022/50
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1R1R 3344 1J4E 1842 0ZAP	

complementos de destino e específicos sen que haxa unha valoración obxectiva do posto de traballo, indicando tanto a señora secretaria como a señora interventora que hai postos de traballo mal valorados atendendo a súa carga de traballo, dificultade técnica e responsabilidade.

Segue a súa intervención a Sra. García Gorostizu e, dirixíndose ao Sr. alcalde-presidente, dille que o Concello necesita máis postos de traballo nalgúns servizos, pois queda de manifesto que a dotación que hai é insuficiente para un adecuado desenvolvemento dos servizos básicos, pero os procesos selectivos caducan e o goberno municipal non é capaz de cubrir as prazas que a lei permite, contando a oferta de emprego público do 2021 con informes desfavorables polo que evidencia que existe un problema grave no tema de persoal; que se pode observar no orzamento que se presenta que se inclúen partidas para persoal laboral temporal pese a que xa non se pode contratar segundo a reforma laboral que o partido ao que pertence o Sr. alcalde aprobou fai uns meses; que, en resumo, a política de persoal levada a cabo polo equipo de goberno é pésima, non cumprindo a legalidade tal e como se desprende dos informes das habilitadas e sobre todo pola falta de xestión dado que se aproban ofertas de emprego que despois non se executan, o que impide exercer as funcións que determinados funcionarios teñen atribuídas, non atendendo as necesidades de persoal que pon de manifesto a secretaria nos seus informes, un problema moi grave que afecta ao funcionamento de todos os departamentos.

Continúa a Sra. García Gorostizu e di que, pasando ao capítulo 2, referido a gastos correntes, vese no orzamento que se presenta que este capítulo supón case o 50% do presuposto, aumentando un 14% respecto ao de 2021; que se o Sr. alcalde fora un bo xestor sería capaz de reducir dita partida e lle pregunta como o vai facer se o Concello de Culleredo segue ofrecendo servizos á cidadanía sen contrato pois en tres anos de maioría absoluta o Sr. alcalde so foi capaz de licitar o alumeadado público, un servizo dos vinte que o Sr. alcalde se comprometera a licitar na lexislatura actual e lle pregunta onde están os que faltan e que supoñen unha máis das promesas do Sr. alcalde incumplidas, existindo unha asignatura pendente co contrato da auga, tantas veces solicitado e tantas veces prometido, co da limpeza viaria, co de axuda a domicilio ou o de parques e xardíns; que, respecto do servizo de parques e xardíns, quere comentar uns datos que lle sorprenderon moitísimo pois a partida aumenta de 1.750.000 euros a 2.770.000 euros, máis dun millón de euros en parques e xardíns, e que, se se vai máis ao detalle e se desglosa este concepto en capítulos, pódese ver como hai un aumento de 600.000 euros en gasto corrente para parques e xardíns, aumentando un 38% e lle pregunta ao Sr. alcalde que é isto e se supón outro dedazo a unha empresa sen contrato porque é escandaloso.

Continúa coa súa intervención a Sra. García Gorostizu e di que non ten sentido debatir uns orzamentos no pleno cando ao final o Sr. alcalde fai o que lle dá a gana pois cada vez no Concello de Culleredo hai unha maior porcentaxe a gastar e a contraer obrigas sen que existan partidas orzamentarias, sen que existan procedementos de contratación que o legalicen, nunha situación que acadou xa os nove millóns de euros en reparos de Intervención porque non se axusta á legalidade e lle pregunta ao Sr. alcalde que confianza merecen os orzamentos que presenta cando o goberno municipal non é capaz de executalos no día a día e non é capaz de dar cobertura aos servizos municipais que se están prestando neste momento de forma contraria á legalidade e lle pide ao Sr. alcalde que se poña a traballar, que xestione e que reduza esa partida de gastos correntes, indicándolle que unha das formas que ten para facelo é sacar a concurso os contratos pendentes, solicitándolle que consiga o mesmo que conseguen outros alcaldes e que lles pregunte como o fan, como motivan ao persoal e como conseguen mellores prezos e dan mellores servizos e obteñen máis investimentos por parte das empresas privadas que xestionan os servizos públicos.

Segue a analizar a Sra. Gorostizu o apartado relativo aos gastos e, centrándose no capítulo 4, as transferencias correntes, di que lle sorprende tamén que o goberno municipal se enorgullece e enche a boca presumindo da súa xestión dos servizos sociais, chamándolle o Sr. alcalde os orzamentos sociais; que a partida de asistencia social conta cun orzamento de 4.100.000 euros, do cal a cantidade destinada a transferencias a familias é de 600.000 euros, correspondendo o resto a gastos de persoal, gasto corrente, axuda a domicilio, polo que ás familias directas

Código do documento	Código do expediente
USG16I01B3	USG/2022/50
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1R1R 3344 1J4E 1842 0ZAP	

so se lles dan 600.000 euros, un 16% do presuposto destinado a asistencia social, solicitando os membros do grupo político popular que esta partida aumente alomenos un 50% pois é a partida que se destina á xente con necesidades; di que hai uns servizos sociais saturados e que non se recoñecen en si partidas suficientes para definir unha auténtica política social orientada a familias que van necesitar recursos económicos e, soamente lendo a memoria da Alcaldía sobre os obxectivos do ano en curso, vese que todo é unha improvisación e engade que, se isto é o que se ofrece para os máis necesitados, para as familias que están a sufrir os efectos das actuais crises económicas, que se pode esperar do resto de axudas prometidas ás familias relativas a padres con fillos, ás becas de comedor, becas de estudos, becas deportivas, becas no estranxeiro, engadindo que no goberno municipal hai unha incapacidade de ideas, unha falta de traballo e unha apatía que son preocupantes.

Segue a dicir que tamén no capítulo 4, de transferencias correntes, o grupo político popular solicita que se promovan procedementos de subvencións de concurrencia competitiva tanto en educación como en cultura ou en deporte para que terceiros poidan acceder ás mesmas a través de procedementos de publicidade, obxectividade e igualdade, evitando así a arbitrariedade na súa concesión, recollendo neste punto as queixas das asociacións deportivas que lle transmitiron aos membros do seu grupo que aínda non cobraron parte das subvencións pendentes.

A continuación a Sra. García Gorostizu, analizando o capítulo 6, de investimentos a realizar polo Concello, di que se pode ver no orzamento que se trata dun documento continuista que arrastra partidas desde fai varios anos e di que é normal que se vexa isto cando a capacidade de execución do goberno municipal no 2020 foi do 16% e no que vai en 6 meses é do 2%, repetindo ano tras ano investimentos que o equipo de goberno non é capaz de executar, véndose proxectos presupostados de anos anteriores outra vez incluídos no orzamento que se presenta, o que indica que hai unha pura e dura inacción e inercia de proxectos iniciados en anos anteriores e un equipo de goberno incapaz e falto de ideas e dun proxecto global para Culleredo, como con parches para ir tapando buratos, e lle pregunta ao Sr. alcalde o motivo de que obras que non se levaron a cabo ata o de agora porque se supón que se van facer todas agora e se será porque este ano é o último ano antes das eleccións e quere facer agora todo o que non fixo antes; que no anexo de investimentos avisan que non están especificadas e de maneira clara e concisa, en contra do disposto na lexislación e podendo isto constituir unha causa de invalidez do orzamento; que como investimentos estrela do orzamento que presenta o goberno municipal trae a cuberta das Brañas, o peche dun dos edificios da Cros e, novamente, a praza de Galicia, engadindo que o que pasou co goberno municipal e a cuberta das Brañas é vergonzoso, unha cuberta tirada no chan desde setembro do 2020 e aínda non se fixo nada, nin unha soa medida se tomou, nin se retirou, nin se adoptaron medidas legais contra a empresa que executou a obra, nada, recoñecendo o Sr. alcalde na comisión que chamou á Deputación para solicitar apoio porque o equipo de goberno non é capaz de facer nada e no momento en que ela pregunta se o proxecto de 420.000 euros vai ser o plaxio do proxecto de Torrelavega o Sr. alcalde responde que si na comisión e tres horas despois, á prensa, dille que vai sacar un concurso de ideas, e dirixíndose a el, dille que como quere que se lle crea o que di cando nin sequera el sabe o que vai facer coa cuberta das Brañas que leva case dous anos tirada no chan, sendo de vergonza a falta de xestión que hai.

Segue a dicir a Sra. García Gorostizu que, no referente ao tema da nave da Cross, o goberno municipal presuposta a cantidade de 600.000 euros para pechar unha nave e, dirixíndose ao Sr. alcalde, lle pregunta cantas veces, desde o seu partido político, lle pediron que lles diga que pasa con eses terreos, se se fixeron análises ou non, preguntándoo tanto en pleno como en comisións continuamente, e aínda non se sabe dando a entender que se está á espera de que chegue unha OCA, sen que se saiba nada de nada e, sen embargo, inclúese no orzamento unha partida de 600.000 euros para a Cross para quedar ben porque todo é vender fume.

Continúa a dicir que a praza de Galicia conta cunha sentenza condenatoria desde o 2019 e o equipo de goberno aínda non comezou a facer nada, indo no orzamento do exercicio anterior unha partida de 250.000 euros e que se fixo unha transferencia de crédito no mes de novembro e seguen sen executar nada, incluíndo no orzamento que se

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG16I01B3	USG/2022/50
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1R1R 3344 1J4E 1842 0ZAP	

presenta neste punto outra partida de 250.000 euros e, namentres, os veciños da praza de Galicia agardando a ver que ocorre coa súa praza e as súas filtracións.

Di a Sra. García Gorostizu que, vendo o presuposto que se presenta, os membros do seu grupo botan en falta tamén moitas promesas para as que non atopan partidas presupostarias como para a segunda fase de humanización de Vilaboa, para a compra de terreos para os aparcadoiros disuasorios en zonas nas que o Sr. alcalde se comprometera, como no Portádego ou en Costa da Lonxa, para a cubrición das vías do tren, para Fonte da Balsa, para a rotonda do Portádego, para a piscina municipal, para o campo de fútbol do Carrizo, para o paseo fluvial de Rego de Trabe, engadindo que, vendo a calidade de execución das poucas obras que se puideron rematar nos anos nos que o Sr. alcalde leva como tal, agarda que na realización das obras que faltan o concelleiro de obras do Concello se pasee un pouco máis por elas e corrixa e revise a execución, dicindo que é inconcebible como se están recepcionando as obras en Culleredo e pon como exemplo a igrexa de Vilaboa, que tardou un ano cando o seu periodo de execución era de catro meses e no mesmo día da súa recepción viuse que a pintura estaba danada, que o céspede artificial estaba mal instalado ou que as canastas á semana seguinte xa quedaron sen aro e posteriormente desapareceron sen que se fixera nada, ou as pistas polideportivas, cando no ano anterior se renovaron, viuse que por exemplo na da Corveira, que se nivelou e se pintou, no verán, con calquera chuvia que houbera, xa se formaban pozas e non se correxiu o murete sobre o que se situou o aramado; di que todas as obras do Concello están resultando un desastre e sobre a obra de Humanización da avenida de Vilaboa, que tanto revuelo causou, solicita que polo menos a súa execución estea á altura do que se merecen os veciños de Vilaboa; que solicita que o concelleiro pase pola obra de Almeiras e vexa á altura á que se está deixando a beirarrúa que ocasiona que haxa veciños que non poden abrir as portas dos seus garaxes porque quedou a 30 centímetros de altura.

C.I.F. P-1503100-H

Segue a súa intervención a Sra. García Gorostizu e di que os membros do seu grupo solicitan tamén que se lles indique, en relación co anexo de investimentos recollido no orzamento que se presenta, a que obras corresponde porque o que non pode ser é que as obras se adxudiquen con baixas temerarias á empresa que oferte o presuposto máis económico e despois se admitan modificados a esas obras, porque os proxectos están mal redactados ou mal executados, que supoñan un aumento medio do 20% no prezo final de execución da obra.

Di que é de obriga tamén solicitar que nos orzamentos que hoxe se pretenden aprobar inicialmente na sesión que se está a celebrar, se adique unha partida maior de axudas directas a pemes e autónomos, engadindo que é vergonzoso que se adique case o dobre de cartos a soldos do grupo de goberno fronte aos 250.000 euros establecidos para os autónomos e pemes do Concello.

Di que os membros do seu grupo queren traer tamén a colación a incapacidade do goberno municipal que, con maioría absoluta, non é quen de aprobar o plan xeral e lle pregunta ao Sr. alcalde se é verdade que renunciou xa a aprobar o plan xeral na lexislatura actual e que intención ten para con el porque o compromiso foi que nos seis primeiros meses estaría aprobado o plan xeral e non convocou nin tan sequera unha reunión, tendo que liquidar á empresa redactora e contratar de novo, facendo as modificacións solicitadas polos habilitados nacionais; que o PXOM lle daría a Culleredo a competitividade que necesita e a súa aprobación significaría conseguir solo industrial a prezo competitivo e que puideran vir a instalarse en Culleredo as empresas e xerar máis riqueza para Culleredo e di que agarda que o Sr. alcalde lles diga que intención ten para o plan xeral; que non hai nin unha liña adicada a políticas públicas de vivenda nin á xuventude nin ao comercio e di que hai que ser serios, serios e responsables porque os membros da Corporación defenden o interese xeral e estes orzamentos que se presentan non están orientados ao interese xeral, motivo polo que aos membros do seu grupo lles resulta imposible apoiar os presupostos que se presentan.

Código do documento	Código do expediente
USG16I01B3	USG/2022/50
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1R1R 3344 1J4E 1842 0ZAP	

A continuación solicita o uso da palabra a concelleira do grupo político do PsdeG-PSOE, Sra. Iglesias Becerra quen, unha vez concedido, di que os concelleiros que veñen de intervir na sesión non escoitaron absolutamente nada da intervención que se fixo explicando os orzamentos que se presentan e reitera que estes orzamentos están pensados para que Culleredo se recupere da pandemia e para a loita contra a exclusión social, pois son estes os principais obxectivos do equipo de goberno; que moitos dos veciños e veciñas de Culleredo sufriron tremendamente as consecuencias da pandemia e recentemente da invasión de Rusia a Ucrania, sufríndoas nas súas vidas, nos seus negocios e nas súas actividades, polo que é unha cuestión de xustiza social contribuír entre todos a paliar esa situación e axudar ás persoas máis vulnerables a recuperar a normalidade, sendo para isto para o que o goberno municipal fixo os orzamentos que hoxe presentan e que permiten, sen subir nin os impostos nin as taxas nin os prezos públicos, e dirixíndose á Sra. García Gorostizu dille que levan anos conxelados, conceder axudas a quen máis o necesita, ofrecer uns servizos públicos de calidade, realizar actividades sociais, culturais e deportivas para toda a sociedade e xerar emprego, contribuír á seguridade viaria e á mellora das infraestruturas de Culleredo e instalacións grazas ao esforzo inversor do orzamento que se presenta que redundará en beneficio de todos os veciños e veciñas de Culleredo.

Segue a súa intervención a Sra. Iglesias Becerra e di que como as intervencións feitas polos membros da oposición foron moi extensas, non sabe se poderá responder a todo o que se lle preguntou e que, con respecto ao dito polo Sr. Mourelle Botana sobre o retraso con que se presentan os orzamentos, e comentado case pola totalidade dos grupos políticos, di que o retraso que presentan non cambia nada e pide que non se intente enganar aos veciños e veciñas intentando facer ver que se os orzamentos se tiveran aprobado a 31 de decembro Culleredo estaría nunha situación diferente porque non se estaría e ata agora puidose traballar perfectamente co orzamento prorrogado, facéndose cargo de todos os servizos e de todas as necesidades do Concello, e que a partir de agora o goberno municipal centrarase nos investimentos que antes non se puideron levar a cabo; que o Sr. Mourelle Botana na súa intervención, dixo que os orzamentos que se presentan son uns orzamentos electoralistas e que o equipo de goberno vai facer agora o que non se fixo antes, e ela lle contesta que o que xa está feito xa o está e agora parece que se critica o que se fai, o que non se fai e o que se quere facer, sempre criticando o que se fai e o que non se fai, e se é esa a oposición que queren facer e que ela faría unha oposición máis construtiva; que critican que non se lles atende e lle pregunta ao Sr. Mourelle Botana cantas veces foi falar con ela, engadindo que ela nunca lle pechou a porta a ninguén; que lle din que con estes presupostos o goberno municipal quere facer o que non fixo antes e repite que si é así porque o que está feito xa o está e non hai que facelo de novo, e pregunta se os membros da oposición se dan conta de que se está nunha situación de pandemia e durante moito tempo nin se puido contratar nin facer ningún tipo de investimento, e por este motivo é polo que agora hai moitos dos proxectos en incorporación de remanentes e xurde a necesidade de facelos agora nesta anualidade; que, respecto ao dito sobre que no anexo de investimentos hai unha insuficiencia que pode ser causa de invalidez, tal como di a señora interventora no seu informe, e indica que quizáis os membros da oposición non o leron, o presuposto conta co contido mínimo esixible, recollendo na súa totalidade as previsións legais relativas a identificación dos proxectos incluídos no anexo de investimentos e engade que aínda que puidera ser que nalgún caso a denominación dos proxectos puidera estar máis especificada, o equipo de goberno non o pode especificar máis porque ela cre que está o máis especificado que se pode e di que cumpre coa totalidade das previsións legais, polo que non é ilegal; di que o Sr. Mourelle Botana e todos os demais grupos refírense tamén a algúns dos investimentos, como a praza de Galicia, ou o cerramento da fábrica da Cross ou a cuberta das Brañas, e lles pregunta se para eles estes investimentos non son importantes porque para o equipo de goberno si que o son e explica que o parque das Brañas para o goberno municipal é moi importante, sobre todo despois da caída que por desgraza se produciu dunha obra que xa estaba feita e por iso pensan que é necesario facer unha nova cuberta e restaurar o parque das Brañas, unha obra que consideran de vital importancia ao igual que o cerramento das naves da Cross que vai permitir recoller ali eventos e actuacións culturais e que neste momento está sen utilizar, ou a praza de Galicia, que se ben é certo que inicialmente procede dunha sentenza a obriga de realización de dita obra, o goberno municipal non se vai ceñir a esa obriga e, dirixíndose á Sra. García Gorostizu, lle di que non se van dotar outros 250.000 euros xa que son os mesmos que xa estaban dotados no exercicio anterior e que hai unha incorporación de remanentes de 1.300.000

17 de 25

Código do documento	Código do expediente
USG16I01B3	USG/2022/50
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1R1R 3344 1J4E 1842 0ZAP	

euros para abarcar a totalidade do proxecto xa que, cando o proxecto xa estaba feito e se quixo levar a Contratación, chegou un informe de Patrimonio que obrigaba a facer unha serie de cambios que houbo que facer e por ese motivo non se puido contratar antes, estando agora en disposición de contratar e executar a obra e di que non se podía executar unha obra parcial porque non era posible xa que a obra está definida pola totalidade da restauración integral da praza de Galicia, non entendendo que se critique esta actuación cando xa se sabe que non se puido levar a cabo con maior celeridade pois son inexcusables os trámites que requerían.

Segue a súa intervención a Sra. Iglesias Becerra e di que, con respecto á intervención do Sr. Méndez Mosquera, el preguntou se as propostas de seguridade están incluídas ou son prioritarias e por que non están incluídas no orzamento, e lle responde que moitas das obras que el di que non están incluídas nos orzamentos non o están porque proveñen de incorporacións de remanentes e se van desta forma non se poden incluír no orzamento no momento inicial no que está; que critica o uso da prensa como se o grupo político do BNG non recurrísen a ela cando lles interesa e lle di que fala tamén da base de execución número 10 e de que para o equipo de goberno é unha anomalía a Lei de contratos do sector público cando o certo é que o equipo de goberno nunca falou de que fora anomalía ningunha dita Lei nin en ningún momento trataron de evitala, procurando sempre facer unha tramitación máis áxil dentro do marco legal como non pode ser doutra forma; que a Secretaria e a interventora, o que din, nos seus informes desfavorables, é que non se recolle a esixencia de solicitar tres presupostos e que se recolle unicamente o criterio cuantitativo, e di que as bases non din que non se vaian pedir tres orzamentos nin que non se vaia ter en conta a excepcionalidade ou a periodicidade da prestación e di que as bases non incumpren ningún precepto legal e que se se fai un uso indebido das bases e dos contratos menores verase despois nos contratos, engadindo que a Lei de contratos do Estado non esixe que se pidan tres presupostos o que non quere dicir que o goberno de Culleredo non os vaia pedir e que, respecto do criterio cuantitativo, refírense a secretaria e a interventora a Lei de contratos do Estado, que o goberno municipal cumpre estrictamente na dita base, e a unha instrución que nin sequera é aplicable ás entidades locais pois é unha instrución aplicable á administración do Estado, repetindo unha vez máis que o goberno municipal non quere facer ningunha ilegalidade senón facer uns contratos máis áxiles que permitan resolver as necesidades coa celeridade necesaria; que di que se ve un optimismo nos ingresos e ela lle contesta que os ingresos están realizados en base aos padróns dos exercicios precedentes, e o feito de que o equipo de goberno non está a desaxustar os ingresos vese en que hai superávit e polo tanto unha boa execución; que o Sr. Méndez Mosquera dixo que non había resultado de execución da primeira parte do ano 2021 e ela responde que o resultado das execucións vese ao final e non ao principio do exercicio.

C.I.F. P-1503100-H

Con respecto ao comentado pola Sra. García Gorostizu, a Sra. Iglesias Becerra lle di que cre que non son os últimos orzamentos da lexislatura pois de momento queda outro exercicio presupostario; que dixo que os orzamentos son optimistas e lle contesta que sobre esta cuestión xa contestou e que sobre a venda de terreos por valor de 300.000 euros a intención é vender estes terreos de propiedade municipal, que ata o de agora non se puideron vender, para destinalos integramente á compra doutros terreos que si son necesarios; que a Sra. García Gorostizu comentou que os gastos de persoal son superiores ao 2% previsto e lle di que o motivo é que hai outros gastos de persoal que requiren da cantidade que se consigna ademais do 2% de subida prevista na Lei de presupostos do Estado e engade que o Concello de Culleredo está inmerso nun proceso de estabilización do emprego ao que obriga o Estado; que o gasto corrente é unha previsión que se vai executando ao longo do ano e que se vai tirando del segundo as necesidades que haxa, polo que non pensa que sexa moito tal como indicou a voceira do grupo político popular, que dixo tamén que se mete moito presuposto para parques e xardíns e o motivo é que pretenden sacar o contrato e necesítanse cartos suficientes para poderlle facer fronte aínda que despois saia licitada por menos como ocorre con moitas baixas que hai; que se dixo tamén que se gastan en partidas presupostarias preguntando de onde sacan os cartos tamén; que para PEEIS hai 600.000 euros destinados para axudar ás familias e ás persoas que máis o necesitan e di que se fora necesario dotar esa partida nun 50% máis o goberno municipal sería o primeiro en ter interese en que isto se fixera así e en que as familias de Culleredo estiveran ben atendidas; que se solicitan procedementos de subvencións de concorrencia competitiva e di que Culleredo non ten subvencións nominativas a diferenza doutros concellos que teñen todas as súas subvencións nominativas como por exemplo o Concello de

18 de 25

Código do documento	Código do expediente
USG16I01B3	USG/2022/50
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1R1R 3344 1J4E 1842 0ZAP	

Carballo que adica 1.000.000 de euros para elo; que critican a humanización de Vilaboa e di que é o que ela dixo antes que critican cando se fan as obras, antes de facelas e despois de facelas e se non se fan tamén, preguntando se esa é a oposición construtiva que pretenden dar, engadindo que se tanto interese teñen en falar co equipo de goberno dos orzamentos que poden acudir pois ela ten dedicación exclusiva e todos os días está no seu despacho desde as 8 da mañá ata as 3 da tarde, tendo as portas abertas a todos para presentar as súas propostas que se estudiarán e, na medida das súas posibilidades, se incorporarán nos orzamentos cando sexa posible e engade que o que pasa é que os membros da oposición non fan propostas pois o único que fan son críticas.

De seguido fai uso da palabra o Sr. Alcalde-presidente e di que se abre unha nova quenda de intervencións e pregunta se algún membro da Corporación desexa facer uso da palabra.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político Alternativa dos Veciños, Sr. Mourelle Botana quen, unha vez concedido, di, dirixíndose á Sra. Iglesias Becerra, que el xa dixo na súa intervención que o goberno municipal califica aos orzamentos como ambiciosos e que el lle dixo que os membros do seu grupo os calificarían tamén de electoralistas e que, ao rematar a súa primeira intervención, xa dixo que desexa que se cumpran ao 100% os orzamentos polo ben dos cidadáns e polo ben de Culleredo; que o informe que comenta é o informe da secretaria remitíndose ao informe da interventora polo que el no terxiversou nin unha palabra porque se cinguiu única e exclusivamente a dito informe; que agradece a invitación que fixo tanto a el como aos seus compañeiros de oposición a acudir ao despacho da Sra. Iglesias Becerra pero lle di ao equipo de goberno que o problema que teñen é que oen pero non escoitan a unha parte da cidadanía; que respecto do tema das Brañas el so pregunta se a cuberta que hai alí está ou non está no chan a día de hoxe e na Cross so preguntou se a día de hoxe están descontaminados os terreos, insistindo en que os membros do seu grupo o que desexan é que o Concello de Culleredo se poida desenrolar e desenvolver polo ben de todos os veciños.

C.I.F. P-1503100-H

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Méndez Mosquera quen, unha vez concedido, dirixíndose á Sra. Iglesias Becerra, di que tanto el como os membros do seu grupo lle deron unhas voltas á expresión “mexan por nós e fannos crer que chove”, non sabendo como a tomarían, pero despois da intervención e da resposta que deu a dita concelleira non pode máis que subscribila e confirmar que a cultura galega está chea de ditos populares que expresan situacións moito mellor que calquera premio nóbel ou calquera doutorado en filloxía porque no caso de Culleredo, co goberno municipal que ten, “mexan por nós, e queren facernos crer que chove”, en primeiro lugar porque minte e pide por favor que se responda á pregunta de en que momento non se puido contratar por culpa da pandemia e que lei ou que real decreto impedía a contratación; que os expedientes de contratación si estiveron paralizados o que non quere dicir que iso impedira a contratación porque foron catro meses no ano 2020 e o goberno municipal bótalle a culpa á pandemia de que non puidera contratar no 2020 e agora bótalla á invasión rusa; que en segundo lugar minten cando din que o grupo político do BNG non fai propostas porque o goberno municipal sabe perfectamente que o seu grupo fai propostas continuamente en comisións, en plenos, mocións, rogos, preguntas, e incluso mocións solicitando a incorporación no seguinte orzamento, sendo o problema que o equipo de goberno non escoita, como ben dixo o compañeiro Sr. Mourelle Botana, non escoitando nin aos grupos da oposición nin á veciñanza e pregunta se non é participación da veciñanza que máis de cincocentas persoas presentaran sinaturas polas deficiencias no servizo de auga potable e á que o goberno municipal nin tan sequera recibiu, pese a que vai facer xa dous anos ou máis; que unha das propostas do BNG no pleno foi incluír no servizo de contratación de auga potable compensacións fronte ao mal servizo ofertado pola empresa e foi rexeitada polo goberno municipal, botándolle sempre a culpa de todo á oposición; pregunta se tampouco participaron as máis de cento vinte persoas que asinaron un documento da veciñanza da Fonte da Balsa solicitando que se fixera a obra prometida e que seguen agardando resposta; que tamén hai sinaturas da veciñanza da Laxe solicitando que se faga unha variante para os vehículos e non teñan que pasar pola rúa Laxe; que o problema do equipo de goberno é que non escoita e que a veciñanza de Culleredo ten máis propostas que o propio goberno municipal que cobra para isto e hai incluso unha proposta veciñal de contratar a telefonía cunha empresa que se comprometa a estender a fibra óptica polo rural, bastante máis creativo que calquera das propostas feitas polo equipo de goberno, e pregunta se o

Código do documento	Código do expediente
USG16I01B3	USG/2022/50
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1R1R 3344 1J4E 1842 0ZAP	

problema é que non escoitan ou lle queren botar a culpa a Putin; que a Sra. García Gorostizu, na súa intervención, falaba da piscina que prometeu o Sr. alcalde na súa primeira reunión do Consello Xeral de Participación Cidadá e da que nunca máis se soubo nada e da que dixeron que despois se ía facer na Garrocha; que os membros do seu grupo falaron tamén da Garrocha, sobre a que saíron na prensa un lote de ideas desas que quedan super chulis na prensa pero aínda teñen o procedemento de liquidación sen rematar, botándolle a culpa á oposición, a pandemia e a Putin.

Segue a dicir que a Sra. Iglesias Becerra dixo na súa intervención que o Concello traballa co orzamento do 2021 con total normalidade e el comenta que se o orzamento se aproba tarde o normal será que dea para un ano pero que para o goberno municipal a normalidade é non cumprir coa lei porque a lei di que os ten que presentar definitivamente a 31 de decembro pero como din que se segue traballando con total normalidade seguen sen cumprir a lei; que falan da importancia das obras do parque das Brañas, do peche da nave da Cross, que son importantes e para nada vai ir o BNG en contra delas, pero di que se o goberno municipal tomara estas propostas coa importancia debida a cuberta do parque das Brañas estaría feita correctamente, recepcionada, e non estaría alí tirada no chan durante ano e medio pois iso é tomar as cousas con seriedade e darlle a importancia que teñen e que merecen; que o equipo de goberno fala de que os membros do BNG critican o proxecto de humanización de Vilaboia e di que debe de ser que o BNG ten un poder de convocatoria increíble porque hai unha ou dúas semanas o equipo de goberno tiña a máis de cen persoas reclamando "obras si pero non así" porque gran parte do comercio de Vilaboia está contra esa obra e di que o goberno municipal sabe perfectamente cales son as razóns de que iso ocorra e que lle poden dar á cabeza todo o que queiran porque saben perfectamente que iso é así; que lles deron a razón e fixeron propostas desde hai tres anos que leva dito proxecto en marcha e o goberno municipal nin escoita nin quere escoitar, "mexan por nós e fannos crer que chove"; que falan da incorporación de remanentes como se isto valera para todo; di que hai que informar á xente de Visitación de la Encina, da rúa Poeta Luz Pozo, das rúas Avenida de Ribados e Gumersindo Pereira Nouche, avenida de Acea da Ma, e dicirlle que todos os proxectos dos que o goberno municipal di que incorporarán a través de incorporación de remanentes, como tamén a cuberta da pista polideportiva de Ledoño, que veu xa ao pleno varias veces e da que agora se di que está pendente da incorporación de remanentes, a mellora da seguridade viaria e instalacións e servizos en Bregua, a ampliación e mellora do drenaxe e pavimentos na rúa Nabeiras, en Outeiro de Abaixo, a rúa Silvar, o parque infantil na área de lecer da Corveira, do que xa se leva dabondo escoitado e que agora volve unha vez máis, renovación dun vial en Vinseira Pequena, en Castelo, centro rural dinamizador de persoas maiores en Celas, o que ía ser un centro de día, que isto é un "brindis ao sol", como dicía tamén a voceira do PP, e di que son promesas caducadas que agora quedan en mans dese futuro imperfecto do que o equipo de goberno fai gala dicindo que todo se fará coa incorporación de remanentes e lle pide que se o goberno municipal considera que os proxectos citados son importantes, que os poña no orzamento e non queden pendente da liquidación do orzamento do ano anterior para darlles cabida e a xente que está preocupada por estes proxectos ten que saber que non están incorporados no orzamento pois quedan pendentes da promesa do futuro imperfecto da Sra. Iglesias Becerra e do Sr. Rioboo Castro; que o equipo de goberno presume de superávit e pregunta como non podería haber superávit cando hai unha execución do 2% en dous meses ou do 18% en todo o ano o que deriva en que en Culleredo hai cartos a moreas pero non hai ganas de traballar para executalos e dedicalos ao que realmente necesita a veciñanza e pregunta como se pode presumir de superávit e do fracaso que supón desa maneira; di que fala da base de contratación número 10 e din que non se salta ningún precepto legal cando o certo é que a secretaria e a interventora non din o mesmo pois o equipo de goberno está por riba da lei e por riba das habilitadas nacionais e di que o papel da secretaria e da interventora, tanto neste Concello como en calquera outro, é facer cumprir a lei e dicirlle ao equipo de goberno que están facendo conforme á lei e que están facendo contrario á lei e isto é algo que non inventa o grupo municipal do BNG pois a señora interventora di no seu informe que dita base de execución non recolle a esixencia de solicitar tres presupostos e así é, non o recolle, respondendo a Sra. Iglesias Becerra a esta afirmación que o motivo é para ter máis axilidade na contratación cando o problema real é que non se fan contratos, pagando contra factura sen que haxa ningún contrato que avale ditas facturas e máis do 80% do gasto no 2020 non tiña o procedemento de contratación axustado á lei, movéndose así perfectamente e procurando darlle unha pátina de credibilidade e legalidade cando se lles está advertindo de que

20 de 25

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG16I01B3	USG/2022/50
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1R1R 3344 1J4E 1842 0ZAP	

non é así e de que é moi grave, advertindo que se non se modifica esta cuestión, o BNG de Culleredo non poderá máis que botar en contra dos orzamentos que se presentan.

De seguido solicita o uso da palabra a voceira do grupo político popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que, despois da intervención do compañeiro do Bloque, os membros do seu grupo non van incidir no mesmo e simplemente quere quedarse coas palabras da Sra. Iglesias Becerra cando, analizando o retraso na presentación dos presupostos, di que non cambia nada e que o goberno municipal segue a traballar igual os teñan ou non aprobados, o que demostra que para eles isto é un mero trámite e que lles dá igual telos aprobados ou non, dándolles igual prorrogar que aprobar, facelo en decembro ou facelo en xuño porque, como ao final van facer o que lles dá a gana, e ao final van executar o que poidan ou o que sexan capaces de facer, sendo esta a implicación do equipo de goberno nos orzamentos municipais.

A continuación fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e di que considera que está suficientemente debatido o orzamento e que, en calquera caso, vai facer unhas puntualizacións pois el entende que dentro do que é un orzamento e do que é un debate de presupostos, o contido da mensaxe política que se poida enviar desde as diferentes formacións ten un peso específico nas exposicións que se fagan e di que el non vai explicar no pleno o que é unha incorporación de remanentes nin por que se motiva unha incorporación de remanentes porque para que se incorporen remanentes ten que haber expedientes abertos pois do contrario non se poderían incorporar e por iso moitas das obras que foron mencionadas polos intervintes e das que se deu a entender que lle hai que dicir aos veciños que non se van facer porque non veñen no orzamento, sendo totalmente incerto pois a incorporación de remanentes precisamente o que recollen son todos aqueles investimentos que, tendo un expediente aberto, poden ser trasladados a outro exercicio sen necesidade de que vaian no orzamento porque esa reserva de presuposto xa está feita no exercicio anterior, indo aí moitas das obras que os membros da oposición veñen de mencionar; que simplemente por aclaralo e por atender as anotacións que fixo, di que no tema de Tarrío, onde se falou de cambiar o chan, hai un proxecto de 800.000 euros para renovar integralmente o polideportivo de Tarrío e, consultándollo aos usuarios, contemplouse que o pavimento que ten dita instalación é totalmente válido e útil e mellor que calquera dos que se poidan instalar, indicando que a propia instalación xa contempla algunhas das suxestións feitas por parte dos clubs que máis utilizan ditas instalacións, como por exemplo poder ter un espazo adicado a unha formación física máis completa.

Di que, en canto á humanización da Corveira, desde o linde coa Coruña hai un presuposto aprobado nesa incorporación de crédito que xa vai nesa primeira liña, dende O Portádego ata a igrexa de Vilaboa, nesa rotonda que se vai facer unha humanización e di que se non se fai unha humanización máis completa é porque todavía se está a recibir moita demanda de diferentes construtores copropietarios de propiedades que queren urbanizar as súas parcelas e que se atopan co inconveniente de que, por esa dependencia que Culleredo ten do camiño de Santiago inglés, e de ser unha estrada de unión con Santiago, algunhas ruínas que existen no Concello son consideradas vestixios que impiden que se poidan tramitar correctamente as licenzas de urbanización de ditas parcelas polo que tampouco se pode facer un investimento tan concreto nunha zona na que se sabe que despois pode ter problemas e se desvían os cartos a outros lugares e a outras parroquias que non teñen ese handicap urbanístico; que 40.000 euros son a cantidade que supostamente tería que cobrar a empresa que redactou o PXOM e o que teoricamente lle correspondería a súa liquidación; que para concretar un novo plan xeral terá que sacar a concurso o mesmo, e di que espera sacar algo na lexislatura actual pero que non está en condicións de garantir que na mesma se poida aprobar o plan xeral porque, entre outras cousas, hai informes desfavorables por parte do propio redactor do plan e por parte da secretaria municipal que teñen que ser corrixidos e que en certa maneira xa están consensuados coa propia Dirección Xeral da Xunta de Galicia; que dicir que na Corveira non se van continuar as obras é falso porque existe ese compromiso de crédito nun pleno celebrado no pasado ano, estando xa o proxecto feito e enviado a Patrimonio da Xunta de Galicia porque todas esas obras teñen que pasar por Patrimonio da Xunta de Galicia; que, respecto do comentado sobre o regulamento de participación, di que hai un regulamento novo e que, entre a derogación do anterior e a implantación do novo, hai unha etapa de transición que teñen que aplicar e, sen interferir

Código do documento	Código do expediente
USG16I01B3	USG/2022/50
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1R1R 3344 1J4E 1842 0ZAP	

nun nin no outro, facilitando a participación dos veciños, a traveso dun correo electrónico e de todos os medios que ten o Concello para que poidan transmitir as súas inqedanzas; que a patente dos veciños nin a ten o partido socialista, nin o BNG, nin Alternativa dos Veciños nin o Partido Popular senón que cada un pode falar cos veciños, que exporán todas aquelas cuestións que consideren oportunas e que cada un recollerá da mellor forma posible, pero el non pode dicir que os veciños que falan con el teñen mellores ideas que os veciños que falan co resto de membros da Corporación porque ao final as inqedanzas sociais son exactamente iguais; que é unha mágoa non ter feito xa a obra en Fonte da Balsa pero que entra dentro do capítulo de incorporación de remanentes polo que ese diñeiro está reservado e non fai falta presupostalo; que había un problema coas expropiacións e que parece que agora xa ten unha solución xurídica óptima que satisface a todas as partes que podían estar discrepantes respecto de facer dita obra e agora, unha vez aprobada a incorporación de remanentes e unha vez aprobado definitivamente o orzamento, poderase iniciar os trámites de contratación de dita obra.

Segue a dicir o Sr. alcalde que o acondicionamento da Cross ten dúas variantes polo que pode responder de dúas formas e di que o equipo de goberno contratou un estudio de viabilidade das piscinas municipais, feito por un equipo técnico cualificado, que desprende que a ubicación ideal para a piscina municipal é no entorno da Cross, atopándose agora o Concello traballando nunhas bases para poder licitar dentro do que é o espazo da Cross, unha piscina municipal, cun investimento aproximado de 5.500.000 euros; di que o Concello, nunha lexislatura, non é capaz de facer isto pero que por iso vai facer un concurso aberto por se algún operador puidera facer ese investimento; que outras das naves van a ser utilizadas para un proxecto de economía circular que está presentado na propia Consellería de Industria e na propia Xunta de Galicia que xa indicaron que ata o ano 2023 non ían estar en disposición de poder ofertar esa dotación presupostaria para poder acondicionar as outras dúas naves e outros edificios que se permite pola edificabilidade que ten esa parcela, facer e complementar tanto o edificio da piscina como o que se poida facer nese sentido; di que o goberno municipal o que quere neste momento é dotar presupostariamente á Cross para que, se algún deses proxectos se demoran no tempo pola complexidade da súa licitación, se poida estar en disposición de utilizar xa unha das naves que o Concello quere xa quedar con ela e que é a nave C, na que estaba proxectada a realización dun auditorio con capacidade aproximada de 850 persoas e na que, aconsellados por un equipo técnico, pensaban facer unha estrutura diáfana, unha estrutura pechada, unha estrutura que permitira ser polivalente como é algunha das estruturas do propio Gaias, onde se fan todo tipo de eventos, dende a medalla de ouro de Galicia ata calquera outro evento, sen que a disposición do propio espazo condicione como neste momento pode estar condicionado o espazo de Servizos Múltiples por mor do propio espazo que só serve para o que serve; que o mesmo pasa coa praza de Galicia, e di que o goberno municipal leva 200.000 euros neste momento, como xa explicou na comisión informativa aos representantes dos distintos grupos municipais, porque o goberno municipal pensaba que no ano anterior ía ser capaz de licitar dita obra pero, por diferencias con Patrimonio, bastante considerables, estase aínda a día de hoxe á espera de que dito organismo emita o seu informe favorable, que xa se negociou, no mellor dos sentidos da palabra, cos representantes da Xunta de Galicia, que entenden agora o sentido da obra e o feito de que hai que cumprir unha sentenza xudicial e espera que, conxuntamente coa humanización que se vai facer no entorno da igrexa do Burgo, xuntamente con esa rehumanización contigua na praza de Galicia, se estea por fin en disposición de podela licitar xa que o motivo de non tela licitado xa é por cuestións totalmente alleas á vontade dos servizos municipais e do equipo de goberno que son as que provocan paróns e problemas, transtornos e desconfianza para os veciños; di que, polo que respecta á rúa Laxe, a licitación da obra de pavimentación de dita rúa está case pechada, e engade que xa explicou por activa e por pasiva que hai unha cantidade de 1.200.000 euros para poder facer esa obra e outras conxuntamente co Goberno Central, sendo aí onde se poderán ver as solucións que pode ter unha complicada rúa Laxe que a ninguén se lle escapa que é moi transitada polo gran crecemento experimentado en todo o núcleo da Zapateira; que respecto da sinalización do Xalo o goberno municipal está en contacto cos donos do Xalo porque son eles, a traveso dunha subvención consensuada cos propios propietarios do monte, os que van tratar de facer o proxecto de sinalización, e di que non lle parece ben gastar cartos cando hai unha subvención do BDR que ademais fan o proxecto e o consensúan cos propietarios do monte porque son eles os donos do monte; respecto do que se falou dun parapente di que el nunca na súa vida falou de facer ningún parapente no Xalo porque iso é unha auténtica aberración e que

22 de 25

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG16I01B3	USG/2022/50
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1R1R 3344 1J4E 1842 0ZAP	

do único que se falou, que ademais ten unha valoración moi positiva, foi de poder facer un teleférico en dita zona, non podendo facerse un parapente porque xa a propia lexislación do aeroporto non o permite, engadindo que houbo unha asociación ou un colectivo que falou de facer alí un parapente; que respecto das losas do Paseo, pregunta como pode ser que se pense en gastar 400.000 euros nas losas do Paseo cando o Ministerio de Transición Ecolóxica está a facer unhas obras e xa anuncian que no remate desas obras van ser eles os que van repoñer e arranxar a case totalidade do Paseo Marítimo do Burgo pois facer un investimento desas características no Paseo Marítimo resultaría un absurdo cando a propia Demarcación de Costas di que vai facer un uso durante dous anos e medio dunha parte do paseo nunha primeira fase e, nunha segunda fase, a drenaxe da ría e a lagoa de Fonteculler pode ser utilizada como un depósito de residuos que vai provocar que haxa que cortar outra fase do paseo porque os xeotubos de drenaxe van invadir o paseo co conseguinte paso de maquinaria pesada que vai destrozará as baldosas do paseo marítimo; di que a el, dentro do argumentario político de cada un, poden acusalo do que queiran, de ser mal xestor ou de ser mal alcalde, pero di que o que si lle parecería ser moi mal xestor sería que, por atender a presións sociais ou a presións políticas, facer un investimento de 400.000 euros para que o rompan desde o Ministerio de Transición Ecolóxica como así está a suceder.

Segue a dicir o Sr. alcalde que o mesmo pasa co parque da froita, pois non é gratis e custa cartos e non é este o momento de facer ningún investimento no Paseo marítimo, ata que rematen as obras, e di que este é un xesto de responsabilidade que ademais está consensuado coa propia Subdelegación do Goberno, coa Delegación do Goberno e coa Demarcación de Costas, engadindo que tivo o pracer de estar a falar a pasada semana coa directora xeral de Costas porque unha vez que se faga a obra o goberno municipal quere que Culleredo teña o dominio total do Paseo Marítimo do Burgo; que, respecto do campo de Sésamo, si se quere arranxar pero o equipo de goberno tivo que parar a licitación porque está pendente dun convenio co arcebispado, para o que se reuniu co arcebispo en Santiago, acompañado da concelleira de Persoal, para tratar de consensuar todas as parcelas que son da igrexa e tratar de buscar a fórmula para que todas aquelas que son de utilidade pública para os veciños pasen a mans do Concello de Culleredo, e aquelas outras necesarias para cumprir con algunha pretensión do arcebispado como podería ser de ampliar algunha igrexa ou calquera outro espazo da súa propiedade, como pode ser o propio entorno da igrexa do Burgo, no que se quere facer unha nova igrexa; que, efectivamente, tal como se dixo, hai servizos e contratos que todavía non están feitos porque os pregos para os contratos os teñen que facer os técnicos municipais que, casualmente, se corresponden co departamento de obras e servizos do Concello de Culleredo e moitos deles, como o de parques e xardíns, están entregados no departamento de Contratación pendente de todos os informes preceptivos para proceder á súa contratación, e que lle consta que o prego de limpeza de viais está no mesmo punto, habendo outros contratos que, pola súa complexidade, e pola saturación de traballo que ten o propio equipo técnico, non se está en condicións de facelo en tempo e forma co cal, por escrito, se lles solicita desde a Alcaldía que, ou ben os fagan eles ou que se poida contar con algunha asistencia técnica que poida dar algún apoio nese sentido, coa idea de poder licitar na lexislatura actual todas esas cuestións que están sen contrato, ao igual que acontece cos servizos sociais, nos que se fala de 600.000 euros de gasto público para axudar ás familias e se dá a entender que os 4.100.000 euros presupostados non son para axudar ás familias cando non é así porque a axuda a domicilio no Concello de Culleredo acada a cantidade de 2.000.000 de euros e son tamén para axudar ás familias e que 600.000 euros son para poderlles dar cartos directamente e poidan facer as súas compras de primeira necesidade, e a outra parte é unha axuda en especie, unha axuda indirecta, que é a propia licitación do servizo de axuda a domicilio e comedor sobre rodas, para persoas que teñen algún problema físico ou de exclusión social e cuxas familias, polas circunstancias que sexan, non se poden facer cargo delas, e di que estas persoas se poden contar en centenas, e di que da problemática social e de cada caso prefire quedar escaso de contidos e de argumentos por respecto a cada unha desas persoas; di que volve a dicir unha vez máis que os servizos son máis caros, que é certo que hai que licitalos pero que isto non indica que vaian ser máis baratos e non hai máis que ver por exemplo o contrato para xardíns, que houbo que incrementar nun millón de euros, que aínda que houbo que engadir novas hectáreas que están controladas polos servizos municipais, e que en vez de contratatalas externamente vanse incluír no propio prego, como pode ser ter un servizo de desbroce continuado durante os 365 días do ano que vaia ligado ao contrato de parques e xardíns.

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG16I01B3	USG/2022/50
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1R1R 3344 1J4E 1842 0ZAP	

C.I.F. P-1503100-H

Segue a dicir o Sr. alcalde que, en canto a que os ingresos poidan ser ou non optimistas, o que sería malo sería ter uns ingresos optimistas e ao chegar a finais de ano o Concello estivera en déficit, non sendo o caso de Culleredo pois o goberno municipal, aos seis meses, cada tres meses fai unha revisión do orzamento para saber en que condicións se está e chegar ao mes de setembro en condicións de dicir "no se puede gastar más", tendo que sacrificar nalgún momento algunhas obras porque do contrario non se chegaría a final de ano ou porque se puido ver incrementada a necesidade de familias ou gastos imprevistos que puidera haber como por exemplo a subida da luz pois as farolas están e hai que pagar os recibos exactamente igual o que supuxo un aumento considerable, cuestións todas estas que hai que ter previstas; que hai unha RPT contratada para avaliar cada posto de traballo e anuncian que no mes de xuño se estará en disposición de poder facer unha primeira avaliación para ofrecerla aos sindicatos do Concello para que poidan facer unha avaliación ao respecto da relación de postos de traballo que se vai determinar nunha RPT que está contratada e hai unha asistencia técnica xa traballando en determinar que postos de traballo son máis necesarios no Concello de Culleredo para, tamén, tratar de rendibilizar o orzamento do Concello; que con respecto a Rego de Trabe e ao arranxo que ten que ter o río desde o propio núcleo de Castro de Laxe ate os muíños de Acea de Ama, di que está cansado de chamar á Consellería para que cumran o prometido pois é este organismo o que ía facer a limpeza integral do cauce dese río e, despois, o Concello sería o que, sen ningún problema, se ocupara do mantemento, pasando que a Xunta leva xa dous anos sen contestarlle a Culleredo polo que o equipo de goberno tivo que buscar unha solución e veñen de solicitar unha subvención para tratar de conseguir o orzamento necesario para facer esa mellora que se nega por parte de quen a prometeu porque, aínda que é un río urbano e ten esas connotacións de río en entorno urbano, a propia Consellería comprometeuse a que se faría a limpeza desde alí con persoal cualificado da propia Xunta de Galicia; di que as certificacións de obra efectivamente non veñen co detalle que se pide e di que están perfectamente aboadas e que o goberno municipal non ten ningún inconveniente en detallalas e informar de cales foron as liquidacións que houbo; di que hai veciños aos que lles encantan as obras que se fan e hai outros que as critican e que el non vai entrar en valoracións ao respecto porque os veciños, a través do dereito que lles dá a Constitución española, poden manifestar toda a inqueda que poidan ter ao respecto dunha mellor ou peor xestión; que con respecto aos aparcadoiros disuasorios, vólvese ao mesmo de sempre porque hai un orzamento de varios miles de euros para comprar os terreos porque hai que compralos e para iso hai que facer unha peritación polos técnicos municipais e ver se efectivamente ese solo vai poder ser utilizado con dita finalidade como punto número un e como punto número dous facer unha peritación do que poden custar eses terreos, que están nos remanentes, calificados por algún voceiro da oposición como fume, que están incorporados para que, no momento en que a Intervención faga a liquidación e se incorporen os remanentes ás contas municipais para poder ser utilizados, mercar esas fincas e poder facer o aparcamento disuasorio en Costa da Lonxa, ou comprar o terreo que está preto de Radio Culleredo, para o que tamén hai cartos destinados a tal fin, porque xa houbo negociacións coa propiedade e hai xa valoracións dos técnicos indicando o que poden custar para poder facer unha rotonda nesa zona e facer ou ben un convenio urbanístico e facer un novo aparcamento nese entorno do centro de saúde de Fonteculler ou calquera outra iniciativa que con fondo público ou mixto se poida realizar para solucionar un dos problemas existentes nos entornos urbanos como é o aparcamento.

A continuación o Sr. alcalde dá por finalizado o debate e procede a someter a votación a proposta.

O Sr. Méndez Mosquera intervén e di que solicita o uso da palabra por alusións.

O Sr. alcalde di que el non aludiu ao Sr. Méndez Mosquera en ningún momento e que a súa intervención era peche das mesmas.

O Sr. Méndez Mosquera di que o Sr. alcalde aludiu ás palabras dos membros do seu grupo político e a cuestións ás que non aludiu a Sra. Iglesias Becerra.

O Sr. alcalde di que o debate está pechado e que se procede á votación.

Código do documento	Código do expediente
USG16I01B3	USG/2022/50
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1R1R 3344 1J4E 1842 0ZAP	

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada de Urbanismo e de Facenda, Patrimonio e Administración Electrónica, de data 9 de marzo de 2022 (código de documento UEH15I00H7), obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: doce (12), dos/as Sres/as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal, Amor Fernández e Seijas González.

Votos en contra: seis (6), dos Sres./as: García Gorostizu, Prieto García, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera, Ferreiro Varela e Mourelle Botana.

Abstencións: ningunha

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a proposta da concelleira delegada de Urbanismo e de Facenda, Patrimonio e Administración Electrónica, de data 9 de marzo de 2022, polo que devén en acordo nos termos transcritos.

C.I.F. P-1503100-H

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as once horas e cincuenta e cinco minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria, dou fe.

Vº e praxe,
O Alcalde-Presidente
(asinado dixitalmente)